

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIONES COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

13266 *Real decreto 689/2021, do 3 de agosto, polo que se establece o título de médica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia e se actualizan diversos aspectos do título de médica/o especialista en Psiquiatría.*

O artigo 12 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, ao regular os principios reitores da actuación formativa e docente das profesións sanitarias, establece como un dos ditos principios a revisión permanente das ensinanzas no campo sanitario, actualizando e adecuando os coñecementos dos profesionais á evolución científica e técnica e ás necesidades sanitarias da poboación.

As necesidades de atención da saúde mental durante a infancia e a adolescencia por parte do persoal especialista médico, nun ámbito que se caracteriza pola súa constante evolución e o seu desenvolvemento harmónico cos sistemas formativos dos países da nosa contorna, son as razóns fundamentais que determinaron que o Goberno, conforme o disposto no artigo 16 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, cree a especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, con suxeición aos requisitos que en materia de formación de especialistas se conteñen no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través ao Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

Así mesmo, actualízanse determinados aspectos do título de médica/o especialista en Psiquiatría, definindo o seu perfil profesional, ámbito de actuación e modelo formativo, o que permite así unha mellora da formación e das competencias destes especialistas en ciencias da saúde.

Estas dúas especialidades médicas intégranse nos equipos multidisciplinares das redes de saúde mental en que interveñen outros profesionais sanitarios, como son o persoal psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica e o enfermeiro especialista en Enfermaría de Saúde Mental.

A necesaria adecuación á demanda asistencial da poboación infantil e adolescente, así como a evolución dos coñecementos científicos, son as razóns fundamentais que determinaron que, facendo uso da competencia prevista no artigo 16 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, se creen e modifiquen determinados títulos de especialista. Os ditos cambios determinaron, por un lado, a actualización do catálogo de especialidades contido no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e, por outro, a necesidade de sentar as bases para que, ao abeiro do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 44/2003, do 21 de novembro, os ministerios de Universidades e de Sanidade desenvolvan as vías transitorias de acceso dos profesionais ao novo título de especialista, mediante a acreditación da súa competencia no ámbito da nova especialidade.

Consecuentemente co anterior, modifícanse os anexos I e II do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

Este real decreto estaba incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado para 2018, que foi aprobado por acordo do Consello de Ministros o 7 de decembro de 2017.

En canto ao contido e tramitación do presente real decreto, tivéronse en conta os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, a norma adecúase ao principio de necesidade e eficacia, posto que é o instrumento idóneo e único posible para levar a cabo a regulación que se pretende introducir no ordenamento xurídico. Ao mesmo tempo, é acorde co principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para o cumprimento do obxectivo previamente mencionado, e co de seguridade xurídica, posto que é congruente coa lexislación estatal sobre a materia.

En cumprimento do principio de transparencia, no proceso de elaboración desta norma leváronse a cabo os trámites preceptivos de consulta pública previa e de información pública. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, o Comité Consultivo e o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, así como o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España e o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde emitiron informe sobre o dito real decreto.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, este real decreto contribúe á xestión racional dos recursos públicos existentes, en condicións de igualdade co resto de especialidades en Ciencias da Saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e do ministro de Universidades, coa aprobación previa da ministra de Facenda e Función Pública, de Acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o establecemento do título de médica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, así como a actualización de determinados aspectos do título de médica/o especialista en Psiquiatría.

Artigo 2. *Perfil dos especialistas.*

1. A/o médica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia é a/o profesional sanitaria/o con competencia para a promoción da saúde mental e a prevención, diagnóstico, prognóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais, incluídos os trastornos do neurodesenvolvemento, e do comportamento que afectan os nenos, os adolescentes e as súas familias.

2. A/o médica/o especialista en Psiquiatría é a/o profesional sanitaria/o con competencia para a promoción da saúde mental e a prevención, diagnóstico, prognóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais e do comportamento dos adultos.

Artigo 3. *Ámbito de actuación.*

1. O ámbito de actuación do/a especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia desenvólvese dentro das redes de saúde mental nas unidades de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia ou U.103 autorizadas, conforme as competencias que determine o programa formativo oficial da especialidade.

2. O ámbito de actuación do/a especialista en Psiquiatría desenvólvese dentro das redes de saúde mental nas unidades de Psiquiatría ou U.69 autorizadas, coas competencias que determine o programa formativo oficial da especialidade.

Artigo 4. *Programas formativos e unidades docentes.*

1. Os novos programas formativos elaboraranse conforme o establecido no artigo 21 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. As especialidades de Psiquiatría e Psiquiatría Infantil e da Adolescencia terán unha duración mínima de cinco anos e compartirán as competencias que se adquiran durante os dous primeiros anos de formación. Estas competencias comúns serán elaboradas pola Comisión Delegada de Psiquiatría, segundo o previsto no artigo 21.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

3. A formación da nova especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia realizarase nas unidades docentes multiprofesionais de Saúde Mental, previstas no capítulo II e na letra a) do anexo II do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do Sistema de formación sanitaria especializada.

Artigo 5. *Órganos asesores.*

1. Créase a Comisión Nacional da Especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, coa composición e funcións que se prevén no artigo 28 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

2. Constitúese a Comisión Delegada de Psiquiatría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde. Esta comisión delegada estará formada por catro vogais que representarán de forma paritaria as dúas comisións nacionais das especialidades obxecto deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Normas relativas á concesión do título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia dos vogais da Comisión Nacional da Especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.*

A persoa titular do Ministerio de Universidades, logo de informe da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade e oídas as sociedades científicas de ámbito nacional representativas da nova especialidade, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España e a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, ditará a orde de concesión do título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia dos vogais da Comisión Nacional da nova especialidade que se citan no artigo 28.1, alíneas a), b), c) e e) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, que sexan propostos para o primeiro mandato da Comisión Nacional, sempre que as ditas propostas, á vista dos currículos profesionais e formativos dos candidatos, recaian en especialistas en Psiquiatría en activo no sistema sanitario público, con recoñecido prestixio e unha experiencia profesional especificamente desenvolvida no ámbito da nova especialidade, en xornada ordinaria, durante, cando menos, sete anos inmediatamente anteriores á entrada en vigor deste real decreto. A dita orde de concesión será enviada para efectos de notificación ao/á interesado/a por medios electrónicos, conforme o disposto na Orde ECD/855/2014, do 23 de maio, pola que se regula o procedemento para a obtención da orde de concesión e a expedición de títulos de especialista en Ciencias da Saúde e se establece a obrigatoriedade de comunicación a través de medios electrónicos para os/as interesados/as nestes.

Disposición adicional segunda. *Efectos da creación do novo título de especialista.*

A creación do título de médica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas respecto da organización dos servizos sanitarios situados nos seus respectivos ámbitos de actuación.

Disposición adicional terceira. *Custo orzamentario.*

Este real decreto non implica incremento de gastos de persoal, nin precisa de novas dotacións orzamentarias no ámbito do sector público, e levarase a cabo coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Disposición adicional cuarta. *Prazos para a constitución dos órganos asesores e a elaboración dos novos programas formativos.*

1. No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto constituirase a Comisión Nacional da Especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.

2. No prazo dun mes desde a constitución da Comisión Nacional da Especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia formarase a Comisión Delegada de Psiquiatría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.

3. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto elaboraranse os novos programas formativos das especialidades de Psiquiatría e de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.

Disposición transitoria primeira. *Acceso extraordinario ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.*

1. Poderán acceder ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, pola vía extraordinaria, os especialistas en Psiquiatría que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

a) Acceso directo para os especialistas en Psiquiatría que acrediten unha prestación de servizos vinculada co perfil da especialidade definido no artigo 2.1 durante, cando menos, catro anos dentro dos sete anteriores á entrada en vigor deste real decreto. O dito exercicio profesional corresponderase, como mínimo, coa xornada ordinaria do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde.

Se a actividade profesional se realiza a tempo parcial, deberá acreditarse unha prestación de servizos equivalente á establecida no parágrafo anterior e ampliarse aos dez anos previos o período en que se pode cumprir o requisito de exercicio profesional.

Computarase como experiencia profesional de ata un ano a realización do traxecto A en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, previsto no programa da especialidade de Psiquiatría aprobado pola Orde SCO/2616/2008, do 1 de setembro, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Psiquiatría.

b) Acceso mediante a acreditación do traxecto formativo e a superación dunha proba práctica. Os especialistas en Psiquiatría que no momento da entrada en vigor deste real decreto non cumpran o disposto na alínea a) e realizen durante o seu programa formativo o traxecto A en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, ao abeiro do programa da especialidade aprobado pola Orde SCO/2616/2008, do 1 de setembro, poderán acceder ao novo título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, logo de superación dunha proba práctica.

A citada proba terá a finalidade de comprobar que os aspirantes adquiriron as competencias necesarias para o exercicio da especialidade. Consistirá na análise de tres casos clínicos relacionados co perfil profesional da Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, utilizando como referencia o programa formativo oficial.

A convocatoria desta proba publicarase na páxina web do Ministerio de Sanidade mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do dito departamento, no prazo de seis meses desde a publicación do novo programa formativo da especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.

Na dita convocatoria determinaranse a composición do tribunal, que estará composto por cinco membros coa participación da Comisión Nacional da Especialidade, así como o formato, os criterios de avaliación e demais aspectos relativos á organización da proba, coa finalidade de garantir a súa obxectividade e transparencia.

O tribunal trasladará os resultados positivos e negativos da proba á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional para que dite a resolución estimatoria ou desestimatoria de acceso extraordinario ao título de especialista que proceda.

c) Tamén poderán acceder ao procedemento regulado na alínea b) os que cursasen o citado traxecto A e obtivesen o título de especialista en Psiquiatría, durante o período que media entre a entrada en vigor deste real decreto e a data oficial de finalización da especialidade da última promoción de psiquiatras formados ao abeiro do programa aprobado pola Orde SCO/2616/2008, do 1 de setembro.

Sen prexuízo da acreditación formal deste requisito nos termos previstos no punto 3.c), deberá constar que o aspirante figura na relación de residentes que anualmente realicen o mencionado traxecto A, durante o período citado no parágrafo anterior. Para tal fin, requirirase que os presidentes das comisións de docencia a que estean adscritas as unidades docentes de Psiquiatría trasladen á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade a citada relación no mes seguinte ao inicio do correspondente traxecto formativo.

Neste suposto, a proba práctica será de chamamento único e publicarse nos seis meses seguintes á conclusión do prazo de presentación de solicitudes.

2. Poderán acceder ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia pola vía extraordinaria os especialistas en Pediatría e as súas áreas específicas que acrediten unha prestación de servizos vinculada co perfil da especialidade definido no artigo 2.1 durante, cando menos, oito anos dentro dos dez anteriores á entrada en vigor deste real decreto. O dito exercicio profesional corresponderase, como mínimo, coa xornada ordinaria do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde.

3. O acceso pola vía extraordinaria ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia por parte dos especialistas en Psiquiatría, así como dos especialistas en Pediatría e as súas áreas específicas, axustarase ás seguintes normas:

a) Administración electrónica.

O procedemento regulado nesta disposición transitoria levarase a cabo obrigatoriamente por medios electrónicos, de conformidade co previsto no artigo 14.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para tal fin, os interesados presentarán a súa solicitude e o certificado acreditativo no rexistro electrónico común, para o cal se requirirá un certificado electrónico válido.

b) Solicitudes e prazo de presentación.

No anexo I e II inclúense, respectivamente, o modelo de solicitude e os das certificacións previstas neste procedemento, que adicionalmente se publicarán na páxina web do Ministerio de Sanidade.

As solicitudes documentadas segundo o previsto nos puntos seguintes dirixiranse á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade no prazo de nove meses desde a entrada en vigor deste real decreto para os aspirantes que accedan ao título polas vías previstas nas alíneas a) e b) do punto 1 e no punto 2 desta disposición.

No suposto previsto no punto 1.c), o prazo de presentación de solicitudes será de catro meses desde a data oficial de conclusión da formación da última promoción de especialistas formados co programa aprobado pola Orde SCO/2616/2008, do 1 de setembro.

c) Documentación que se debe achegar xunto coas solicitudes:

A acreditación do exercicio profesional, exixido no punto 1.a) e 2, será realizada mediante un certificado expedido pola unidade que determine a persoa titular da consellería/departamento de Sanidade da comunidade autónoma que corresponda ou,

se é o caso, polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, por proposta do xerente ou representante legal da unidade asistencial U.69 autorizada durante todo o período certificado, conforme o disposto no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro. A dita certificación adecuarase ao modelo previsto no anexo II, en que se farán constar, cando menos, a existencia de autorización expresa da unidade asistencial U.69 en que se prestou servizos, as datas de inicio e finalización dos servizos prestados, a dedicación horaria e unha relación detallada das actividades realizadas.

A acreditación do traxecto A en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia durante a formación sanitaria especializada, prevista no punto 1, realizarase mediante unha certificación expedida polo órgano que determine a persoa titular da consellería/ departamento de Sanidade da comunidade autónoma que corresponda, por proposta do presidente da Comisión de Docencia a que está adscrita a unidade docente en que se formou o interesado.

d) As solicitudes presentadas trasladaranse á Comisión Nacional da Especialidade, que emitirá un dos seguintes informes-proposta, debidamente motivados:

1.º Informe-proposta positivo á concesión ao título de especialista: cando se comprobe o cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos 1.a) e 2.

2.º Informe-proposta de realización de proba práctica: cando se comprobe o cumprimento dos requisitos establecidos nas alíneas b) e c) do punto 1.

3.º Informe-proposta negativo á concesión ao título de especialista: cando non se cumpran os requisitos exixidos.

e) A persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional, tendo en conta o informe-proposta da Comisión Nacional ou, se é o caso, o resultado da proba práctica, resolverá a solicitude e, se for favorable, notificaralle ao órgano competente a proposta de concesión do título de especialista, en que se fará constar a súa obtención por esta vía extraordinaria.

A resolución da Dirección Xeral de Ordenación Profesional non poñerá fin á vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, será impugnabile en alzada perante a persoa titular da Secretaría de Estado de Sanidade.

Sen prexuízo das causas legais de suspensión do procedemento, o prazo para ditar e notificar a resolución será de seis meses desde a data da súa presentación electrónica, segundo establece o artigo 21.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

De acordo co establecido no anexo II da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, cando transcorra o prazo máximo para resolver sen que se notifique a correspondente resolución, poderase entender desestimada a solicitude para efectos de interposición do recurso procedente.

4. O Ministerio de Sanidade, o órgano da comunidade autónoma competente para expedir os certificados requiridos e a Comisión Nacional da Especialidade de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia poderán solicitar cantos informes e documentación complementaria consideren oportunos para o exercicio das competencias asignadas neste procedemento.

Os datos de carácter persoal que consten na solicitude establecida nos anexos I e II, así como os que poidan ser achegados nas diferentes fases do procedemento, serán tratados conforme o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; a Dirección Xeral de Ordenación Profesional será a responsable do tratamento.

A finalidade do mencionado tratamento é o acceso extraordinario ao título de médica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia. A base xurídica do

tratamento deriva dunha obriga legal atribuída ao Ministerio de Sanidade e do cumprimento dunha misión de interese público, no exercicio dos poderes públicos conferidos ao citado departamento pola Lei 44/2003, do 21 de novembro.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se acadaron e para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos. Con carácter xeral, os datos facilitados conservaranse de maneira indefinida.

A persoa interesada pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e de non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, dirixíndose ao responsable do tratamento (Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade).

Así mesmo, pode interpoñer unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos. Con carácter previo a unha reclamación, pode dirixirse ao delegado de Protección de Datos do Ministerio de Sanidade.

Disposición transitoria segunda. *Dereitos adquiridos dos profesionais con título de especialista en Psiquiatría.*

Mantéñenselle os dereitos profesionais e de calquera outro tipo, inherentes ao título de especialista en Psiquiatría, a quen obtivese o dito título mediante a formación como especialista a través dun programa formativo anterior ao previsto no artigo 4.2 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, excepto a Orde SCO/2616/2008, do 1 de setembro, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Psiquiatría.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.*

O Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 1 do anexo I, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Especialidades médicas para cuxo acceso se exige de estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio en España da profesión de médico:

- Alergoloxía.
- Anatomía Patolóxica.
- Anestesioloxía e Reanimación.
- Anxioloxía e Cirurxía Vascular.
- Aparello Dixestivo.
- Cardioloxía.
- Cirurxía Cardiovascular.
- Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.
- Cirurxía Oral e Maxilofacial.
- Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.
- Cirurxía Pediátrica.

- Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora.
- Cirurxía Torácica.
- Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía.
- Endocrinoloxía e Nutrición.
- Farmacoloxía Clínica.
- Xeriatria.
- Hematoloxía e Hemoterapia.
- Medicina do Traballo.
- Medicina Familiar e Comunitaria.
- Medicina Física e Rehabilitación.
- Medicina Intensiva.
- Medicina Interna.
- Medicina Legal e Forense.
- Medicina Nuclear.
- Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- Nefroloxía.
- Pneumoloxía.
- Neurocirurxía.
- Neurofisioloxía Clínica.
- Neuroloxía.
- Obstetricia e Xinecoloxía.
- Oftalmoloxía.
- Oncoloxía Médica.
- Oncoloxía Radioterápica.
- Otorrinolaringoloxía.
- Pediatría e as súas áreas específicas.
- Psiquiatría.
- Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.
- Radiodiagnóstico.
- Reumatoloxía.
- Uroloxía.»

Dous. Modifícase a alínea a) do anexo II, que queda redactada da seguinte maneira:

«a) Unidades docentes de Saúde Mental en que se formarán médicos especialistas en Psiquiatría, médicos especialistas en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica e enfermeiros especialistas de Saúde Mental.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.*

O Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, queda modificado como segue:

Un. Na columna de oferta asistencial do cadro de clasificación de centros, servizos e establecementos sanitarios do anexo I engádese despois da unidade asistencial «U. 102. Medicina Legal e Forense» e inmediatamente anterior á «U.900 Outras unidades asistenciais»:

«U.103. Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.»

Dous. O punto da oferta asistencial do anexo II modifícase para adecuar o contido ao servizo ou unidade asistencial U.69 e incorporar un novo servizo ou unidade asistencial U.103, e queda redactado da forma seguinte:

«U.69. Psiquiatría: unidade asistencial en que un médico/a especialista en Psiquiatría é responsable de realizar o estudo, diagnóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais e do comportamento dos pacientes adultos.»

«U. 103. Psiquiatría Infantil e da Adolescencia: unidade asistencial en que un médico/a especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia é responsable de realizar o estudo, diagnóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais, incluídos os trastornos do neurodesenvolvemento e do comportamento, que afectan os nenos, os adolescentes e as súas familias.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro ao artigo 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Habílanse as persoas titulares dos ministerios de Sanidade e Universidades, en función das súas competencias, para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, as previsións establecidas na disposición derradeira segunda, relativas á modificación dos anexos do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, producirán efectos ao ano da entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Palma o 3 de agosto de 2021.

FELIPE R.

O ministro da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
FÉLIX BOLAÑOS GARCÍA

ANEXO I

Solicitud de acceso extraordinario do título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia

1. Datos do solicitante:

Nome	
Primeiro apelido	
Segundo apelido	
DNI/NIE	
Teléfono	

2. Datos relativos á solicitude:

EXPÓN:

Que reúne os requisitos previstos no Real decreto polo que se regula o acceso extraordinario ao título de medica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.

SOLICITA:

Que sexa admitida a trámite a presente solicitude para acceder ao citado título de especialista polo punto da disposición transitoria primeira do Real decreto polo que se crea o título de médica/o especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia, que a seguir se sinala:

(Marque cun "X" a disposición que corresponda)

- Punto 1.a) da disposición transitoria primeira.
- Punto 1.b) da disposición transitoria primeira.
- Punto 1.c) da disposición transitoria primeira.
- Punto 2 da disposición transitoria primeira.

Con esta solicitude achégase a seguinte documentación preceptiva:

- Certificado/s da Consellería/Departamento de Sanidade ou da Dirección do INXESA.

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Ordenación Profesional para a verificación dos meus datos persoais nos rexistros de títulos do Ministerio de Universidades, no Rexistro Central de Penados e no Rexistro de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza, a través do Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, regulado no Real decreto 640/2014, do 25 de xullo, polo que se regula o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.

3. Datos relativos á notificación:

Correo electrónico para efectos de notificacións:	
---	--

De acordo coa normativa vixente de protección de datos persoais, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten mediante o presente formulario serán tratados de forma confidencial e utilizaranse exclusivamente do procedemento administrativo que se leve a cabo en cumprimento das misións do responsable e das obrigas legais que lle concernen. Pode exercer os dereitos que lle atribúe a normativa ante o responsable do tratamento respectivo. Non están previstas transferencias internacionais dos datos salvo que se indique o contrario. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a cal se recadaron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos, sendo de aplicación o disposto na normativa de arquivos. Pode consultar a información detallada sobre protección de datos de carácter persoal na páxina web <https://www.msrebs.gob.es/profesionales/formacion/home.htm>

ANEXO II

A. MODELO DE CERTIFICADO DA CONSELLERÍA/DEPARTAMENTO DE SANIDADE OU DA DIRECCIÓN DO INSTITUTO NACIONAL DE XESTIÓN SANITARIA (INXESA) PARA A ACREDITACIÓN DO EXERCICIO PROFESIONAL PARA O ACCESO EXTRAORDINARIO AO TÍTULO DE ESPECIALISTA EN PSIQUIATRÍA INFANTIL E DA ADOLESCENCIA

Por petición de _____ e logo da proposta da Dirección/Xerencia da unidade asistencial U.69 do centro sanitario autorizado con código nacional normalizado (CCN): - _____, autorizada como unidade asistencial de Psiquiatría entre (*data inicio/data fin*).

CERTIFICA:

_____, especialista en (Psiquiatría/Pediatría e as súas áreas específicas) prestou servizos na Área de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia entre (*data inicio/data fin*), cunha dedicación horaria de ____ (*horas/semana*) realizando actividades de promoción da saúde mental e a prevención, diagnóstico, prognóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais, incluídos os trastornos do neurodesenvolvemento, e do comportamento que afectan os nenos, os adolescentes e as súas familias (*Inclúanse as que correspondan*).

E para que conste, para efectos de participación no procedemento de acceso extraordinario ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia previsto nos puntos 1.a) e 2 da disposición adicional primeira do Real decreto _____.

Na data da sinatura

B. MODELO DA CONSELLERÍA/DEPARTAMENTO DE SANIDADE OU DA DIRECCIÓN DO INSTITUTO NACIONAL DE XESTIÓN SANITARIA (INXESA) DE CERTIFICACIÓN DA FORMACIÓN NO TRAXECTO A DA ESPECIALIDADE DE PSIQUIATRÍA PARA O ACCESO EXTRAORDINARIO AO TÍTULO DE ESPECIALISTA EN PSIQUIATRÍA INFANTIL E DA ADOLESCENCIA

Por petición de _____ e logo da proposta do presidente da Comisión de Docencia da Unidade Docente de Psiquiatría de _____.

CERTIFICA:

_____, especialista en Psiquiatría, cursou o Traxecto A previsto na Orde SCO/2616/2008, do 1 de setembro, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Psiquiatría, entre (*data inicio/data fin*), adquiriu as competencias que lle permiten realizar actividades de promoción da saúde mental e a prevención, diagnóstico, prognóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais, incluídos os trastornos do neurodesenvolvemento, e do comportamento que afectan os nenos, os adolescentes e as súas familias (*Inclúanse as que correspondan*).

E para que conste, para efectos de participación no procedemento de acceso extraordinario ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia previsto nos puntos 1.b) e 1.c) da disposición adicional primeira do Real decreto _____.

Na data da sinatura

Solicitud de acceso extraordinario ao título de especialista en Psiquiatría Infantil e da Adolescencia.